



**XUSTIFICACIÓN PARA INCLUIR POR VÍA DE URXENCIA NA ORDE DO DÍA DA SESIÓN ORDINARIA O ASUNTO “APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO NOMEAMENTO DO SUPLENTE PARA ASISTIR EN CALIDADE DE SECRETARIO Á MESA DE CONTRATACIÓN CONVOCADA PARA O DÍA 15.02.2019 EN RELACIÓN AOS EXPEDIENTES EXP0004SE19-ABO E EXP0008SE19-NSO MOTIVADO POLA AUSENCIA DO TITULAR E O SUSTITUTO POR RAZÓNS DE PERMISOS”.**

A urxencia queda xustificada principalmente pola necesidade de nomear unha persoa para actuar como Secretario da Mesa de Contratación convocada por orde da Presidencia para o día 15.02.2019 en relación aos expedientes que a continuación se mencionan:

“(…)

**2.-CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE AXENCIA DE MEDIOS PARA A DIFUSIÓN DE PUBLICIDADE INSTITUCIONAL XENÉRICA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO. EXP0004SE19-ABO**

- *Dación de conta das empresas presentadas.*
- *Apertura dos sobres relativos á documentación administrativa (Sobres A)*
- *Apertura dos sobres relativos aos criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas -que neste caso son todos- (Sobres B)*
- *Proposta de adxudicación, se procede.*

**3.-CONTRATACIÓN DA CAMPAÑA DE PUBLICIDADE INSTITUCIONAL “NOSMUEVELUGO.COM” PARA O IMPULSO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ NOS ASUNTOS PÚBLICOS E A PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DAS INICIATIVAS DESENVOLTAS POLA DEPUTACIÓN DE LUGO PARA A MELLORA DO BENESTAR DOS VECIÑOS DA PROVINCIA. EXP0008SE19-NSO**

- *Dación de conta das empresas presentadas.*
- *Apertura e valoración dos sobres relativos á documentación administrativa (Sobre A)*
- *Apertura e valoración dos sobres relativos á oferta técnica e económica (Sobre B)*
- *Inicio da fase de negociación, se procede*

(…)”

A necesidade do nomeamento do suplente motívase pola ausencia o día 15.02.2019 da titular e a suplente por razóns de permisos, estando constituída a Mesa de Contratación segundo consta na cláusula quinta dos PCAP relativos aos expedientes amentados, figurando do seguinte xeito:

“(…)”

**SECRETARIO/A, con voz e sen voto:**



## DEPUTACIÓN DE LUGO

*Un funcionario/a do servizo de contratación e fomento, preferentemente do Grupo A, Subgrupo A1 ou A2:*

*Titular: Dona Margarita Tarrío Álvarez, Xefa da Sección de Contratación do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación Provincial de Lugo.*

*Suplente: Dona Loreto Rodríguez Costas Xefa da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación Provincial de Lugo.*

(...)"

Os respectivos pregos foron aprobados en Xunta de Goberno.

A ausencia da suplente na Secretaría destas Mesas de Contratación, coñeceuse con posterioridade á convocatoria das Mesas. O principio de eficacia administrativa aconsella non demorar a tramitación. Ademais debe ponderarse que xa está efectuada a convocatoria pública e a suspensión da celebración da Mesa, poderá carrexar incomodidades aos posibles asistentes.

O suplente, Don. José Domingo Rodríguez Ferreira, designarase polo titular do órgano competente para nomear ao titular que é suplido, e que neste caso é a Xunta de Goberno.

**Tendo en conta o antedito, PROPONSE:**

- 1) A incorporación, como asunto de urxencia na sesión ordinaria da Xunta de Goberno do 15/02/2019, do nomeamento do suplente para asistir en calidade de secretario á Mesa de Contratación convocada por orde da Presidencia para o día 15 de febreiro de 2019 ás 12:00 horas.**
- 2) Nomear a D.José Domingo Rodríguez Ferreira, Asesor Técnico do Servizo de Contratación e Fomento, para actuar como Secretario da Mesa de Contratación convocada por orde da Presidencia para o día 15.02.2019 en relación aos expedientes que a continuación se mencionan:**

"(...)

### **2.-CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE AXENCIA DE MEDIOS PARA A DIFUSIÓN DE PUBLICIDADE INSTITUCIONAL XENÉRICA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO. EXP0004SE19-ABO**

- *Dación de conta das empresas presentadas.*
- *Apertura dos sobres relativos á documentación administrativa (Sobres A)*
- *Apertura dos sobres relativos aos criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas -que neste caso son todos- (Sobres B)*
- *Proposta de adxudicación, se procede.*



**3.-CONTRATACIÓN DA CAMPAÑA DE PUBLICIDADE INSTITUCIONAL "NOSMUEVELUGO.COM" PARA O IMPULSO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ NOS ASUNTOS PÚBLICOS E A PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DAS INICIATIVAS DESENVOLTAS POLA DEPUTACIÓN DE LUGO PARA A MELLORA DO BENESTAR DOS VECIÑOS DA PROVINCIA. EXP0008SE19-NSO**

- *Dación de conta das empresas presentadas.*
- *Apertura e valoración dos sobres relativos á documentación administrativa (Sobre A)*
- *Apertura e valoración dos sobres relativos á oferta técnica e económica (Sobre B)*
- *Inicio da fase de negociación, se procede*

(...)"

En Lugo a 14 de febreiro de 2019

O XEFE DO SERVIZO DE  
CONTRATACIÓN E FOMENTO  
Asdo.: Manuel Angel Jove Losada

**Visto o que antecede,  
Elévese á Xunta de Goberno**

O PRESIDENTE  
P. D. Decreto de 13-02-2019  
O VICEPRESIDENTE,

Asdo.: Argelio Fernández Queipo

